



OS PEREGRINOS QUE CAMIÑARON A SANTIAGO NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2007 E PERNOITARON NOS ALBERGUES DO XACOBEO SON UN 10% MÁIS QUE OS CONTABILIZADOS NO MESMO PERÍODO DE 2006

- **A Consellería de Innovación e Industria, a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, rexistra unha desestacionalización importante na afluencia de peregrinos a Compostela.**
- **Este ano investiranse no Camiño seis millóns de euros e o Xacobeo acomete neste momento obras de mellora de infraestruturas e aloxamento en todas as rutas de peregrinación a Santiago.**

Santiago, 9 de xullo de 2007.- O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando X. Blanco Álvarez presentou hoxe en Santiago os datos das peregrinacións a Santiago de Compostela polos distintos Camiños correspondentes ao primeiro semestre deste ano 2007. Segundo explicou o conselleiro, respecto do ano anterior a ocupación nos albergues dos camiños a Santiago medrou no primeiro semestre de 2007 case un 10%, ao pasar de 100.733 pernoitas de peregrinos en 2006 a 110.538 en 2007, circunstancia que se verifica practicamente na comparativa mes a mes. Ese incremento medio do 9,69% tradúcese en incrementos moi importantes nalgúns dos Camiños a Santiago, especialmente no Primitivo, Fisterra-Muxía, Vía da Prata e Camiño Inglés, cun 30% máis de ocupación con respecto ao ano pasado.

Segundo un informe da Universidade de Santiago de Compostela e a efectos dos meses que levamos deste 2007, unha inmensa maioría dos peregrinos valora este como un destino turístico de interese, case un 84% do total. Soamente unha porcentaxe menor ao 10% non o valora dese xeito.

Unha cifra que resulta significativa é a de que case un terzo dos peregrinos que fan algún dos camiños a Compostela continúan coa peregrinación até Fisterra, o cal indica, entre outras cousas, que a experiencia até Santiago é positiva e incluso existe un desexo de ir máis alá. Esta porcentaxe medrou de xeito importante entre 2006 e 2007, ao pasar do 17% ao 27,5% no primeiro semestre deste ano. O 71% dos peregrinos dos Camiños de Santiago facían nestes primeiros meses de 2007 o camiño por primeira vez, fronte ao 29% que xa repetían experiencia.

Interese

Para máis do 71% dos peregrinos destes meses de 2007 esta era a súa primeira chegada a Galiza realizando o Camiño de Santiago. Un 22% dos peregrinos do camiño realizábanos xa entre 2 ou 5 ocasións e un 6% en máis de 5 veces. As motivacións expresadas polo peregrinos neste semestre para realizar o camiño son variadas. Para un 31% pesaron máis os motivos espirituais, o 20% valorou o patrimonio natural, o 13% o patrimonio histórico-artístico que lle ofrecían as rutas xacobeas, o 11% por diversión, o 10% por deporte. O 8% valoraron como motivación a cultura popular ao longo do Camiño. Con outras motivos fixérono o 5,6%.



Unha considerable porcentaxe de peregrinos, o 38%, informáronse do Camiño a través de internet, un 26% por medio de guías especializadas e un 17% mediante folletos informativos. Cunha porcentaxe moito menos significativa o medio informativo utilizado foron as reportaxes, as feiras e exposicións ou os anuncios. Os peregrinos utilizaron ao longo do camiño a rede de albergues da Consellaría de Innovación e Industria practicamente en todos os casos, só pernoitando en hoteis o 3% dos mesmos. O 70% utilizaron exclusivamente os albergues e outro 27% combinaron estes e os hoteis.

O número de noites que os visitantes permaneceron en Compostela foi de unha no 61% dos casos e de 2 no 18% do total. Pasaron máis de tres noites en Compostela o 9%, non permanecendo ningunha o 12%. O 34% dos peregrinos a Compostela pernoctaron ademais noutras localidades galegas, entre un ou 5 días ou máis, e foron o 66% os que non pasaron posteriormente ningunha noite fóra de Santiago.

Desestacionalización

Analizando os datos de todo o ano 2006 por meses pódese observar, segundo informou o conselleiro de Innovación e Industria, que se está a producir un efecto de desestacionalización, xa que máis da metade da visitas dos peregrinos se realizaron fóra da tempada alta (meses de xullo e agosto). Preto de 170.000 pernoitas en albergues galegos rexistráronse durante o resto do ano 2006, fronte ás 132.000 que houbo nos meses indicados.

Esta circunstancia pódese valorar, dixo Fernando Blanco, como unha tendencia á desestacionalización crecente se atendemos aos datos de peregrinos en 2007, xa que no primeiro semestre, cos meses de inverno e primavera se produciu un incremento respecto a 2006 do 10%, con 10.000 pernoitas máis ate acadar a cifra de 110.500. Ao incrementar o número total de peregrinos en tempada considerada baixa esta terá maior proporción respecto aos meses de verán.

Xa os datos da Oficina de Información situada en Santiago de Compostela conclúen que o incremento de consultas realizadas se duplicou respecto a 2006. Foron 68.000 as consultas deste primeiro semestre, o dobre en cada un dos meses sobre o 2006, o que demostra tamén un interese crecente. A maioría dos visitantes proceden de maior a menor número de Madrid, de Catalunya, da propia Galiza, Valencia, Andalucía, Castela e León e Euskadi, seguido doutros lugares de orixe, tendo todas as comunidades unha cifra significativa. Analizando os datos segundo o país de orixe, o maior número corresponde aos alemáns, franceses, italianos, británicos, estadounidenses, holandeses e portugueses, até máis de 50 nacionalidades diferentes, de todos os continentes.

A oficina de información registrou un total de 175 viaxeiros coreanos no que vai de ano, nunha liña crecente dende hai catro anos atrás, en que case non se recibían visitantes de Corea do Sur. Isto é unha mostra do interese que un recurso como o camiño representa incluso para persoas cunha distancia cultural e xeográfica moi considerable.



Os visitantes estranxeiros do Camiño de Santiago son case tantos só neste semestre coma na totalidade dos que se recibiron en 2006.

Investimento

Fóra da análise estrita do número de peregrinos, os investimentos que está a realizar a Consellería de Innovación e Industria para dotar aos distintos camiños de Santiago dunhas infraestruturas acaídas a un fluxo de persoas que medra ano a ano acadaron os 6 millóns de euros para o presente ano. Chegarase ao 27 millóns de euros de investimento directo por parte da S.A. de Xestión do Xacobeo. O Camiño Francés é o que está a ter máis investimento, con 9 millóns de euros de obras executándose ou en tramitación, malia que tamén os outros camiños reciben cantidades moi significativas.

Entre as obras concretas que neste momento está a acometer a Consellaría destacan: o albergue de Dumbría (na ruta Fisterra-Muxía), a reforma do de Arca, o Monte do Gozo ou a posta en valor do núcleo de Furelos (no Camiño Francés), o camiño real en Sigüeiro (Camiño Inglés), a recuperación da Telleira da Baiuca (no Camiño Norte), a pavimentación do Camiño do Pazo en Mos (Camiño Portugués), a construción albergue de Seixas (do Camiño Primitivo), ou o acondicionamento de varios tramos da Vía da Prata.

SAÚDOS

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA